



COÑECE E CAMIÑA VETERANOS ACTIVOS

PASEO DO ACEVEDO-VOLTA AO LAGO DAS ENCROBAS

VISITA AO MUSEO DA MINERÍA DE MEIRAMA

CERCEDA (A CORUÑA)

21 DE DECEMBRO DE 2025



DESCRIPCIÓN

Na última actividade do ano, é na que xuntamos os grupos do **Coñece e Camiña e Veteranos Activos**, nun roteiro único para todo o mundo, co remate dunha comida nun restaurante da zona.

Nesta ocasión, imos celebrala no **Concello de Cerceda**, facendo dous pequenos roteiros, polo Paseo do río Cabancos, no Polígono Industrial de O Acevedo, e a volta completa á lagoa da vella mina de Meirama. Para completar a mañá, visitaremos o interesante **Museo da Minería**, onde poderemos coñecer toda a historia recente desta terra.

Terminaremos a xornada, cunha comida de prato no restaurante o Panadeiro, <https://www.opanadeiro.es/> fronte ao Aquapark.

PROGRAMA

Como sempre, sairemos ás 8 h de Riazor, coas paradas afeitas. Sobre as 8,45 h faremos o precioso paseo fluvial do río Cabancos (3 km planos), que nos levará sobre 45 - 60 minutos.

Sobre as 9,45 h, subiremos ao bus para achegarnos ao Museo da Minería de Meirama, que abren en domingo para nós. Sobre as 11 h, volveremos ao bus para chegar á entrada dun camiño que nos levará á cómoda pista que rodea o lago, onde estaba a mina.

Cando levemos non máis de 15 minutos, veremos unha zona cuberta, con paneis explicativos

da obra que se fixo para tapar a mina a ceo descuberto nun lago.

O roteiro completo serán 8 km fáciles, que faremos, en menos de 3 horas. Ao terminar, dirixirémonos ao Polígono de Acevedo, para celebrar a comida. Aproveitaremos a reunión, para presentarnos o programa da Sección de Sendeirismo para o ano 2026.

Menú

Primeiro: Empanada, sopa de peixe e mariscos,

Segundo: tenreira estofada á antiga, con patacas e verduras.

Sobremesa: Torta froita da paixón Café de pota.

Bebidas: Augas minerais, refrescos, viño tinto D.O Mencía.

As/os participantes con comidas especiais, poderán pedir alí, algunha alternativa que encaixe no prezo do menú

SAÍDA:

8 h, coas paradas afeitas.

INSCRIPCIÓN

Socios: 12€ Non socios: 16€

Comida: 30€

Muy importante para quen cause baixa

O **Luns 15 de decembro**, será o último día para recuperar o custo da inscrición e da comida. A notificación, terá que facerse ao WhatsApp do club, 623 50 47 71, non valerá a chamada telefónica.



